


A partir de 9 anos




O castiñeiro de abril. A. M. Fraga. Xerais.
Acompañado do seu can, Barriga Branca, Baltasar vende na praza dos Zoqueiros soldadiños e bailarinas de madeira, labradas coa súa navalla, coa intención de xuntar cartos para reunirse co seu pai. A aparición na praza do Castañeiro de Abril provocará un xiro na súa vida e unha chea de acontecementos que trastornan a vida da xente do seu barrio.

Mil cousas poden pasar. Libro I e II. Serrano. Xerais.
Os fillos do rei do mar, Neda e Mercurín, caen na conta de que se achega o aniversario do seu pai, Pindo IV o Tratable, e aínda non teñen agasallo. Na procura dese galano desencadéanse as mil cousas que dan título a obra.



Hipatia, la verdad en las matemáticas. Bayarri.
Norma editorial.
Banda deseñada sobre Hipatia de Alexandría. Hipatía busca a verdade mediante as matemáticas nun tempo de confusión e fanatismo.

El colegio de los animales mágicos. Auer e Dulleck. Edelvives.
Ida inicia o curso nun novo colexio. Non imaxina a enorme sorte que terá de coñecer aos estraños animais máxicos que a súa mestra Miss Cornfield e o seu estraño convidado lle van presentar.



IDEAS PARA LER NAS VACACIÓNS



CEIP
PLURILINGÜE
MONTE
DOS POSTES

Bibliotecas
escolares
de Galicia
bga


Equipo de Biblioteca
Equipo de Dinamización Lingüística

De 3 a 7 anos


O meu tío Xakim. Fermín Solís. El patito editorial.
Todos estaban moi tranquilos no barrio, ata un día en que soou o timbre e alí estaba, a lombos dun elefante, o tío Xakim! Todo un personaxe!". Unha sinxela historia contada polo inxenioso lapis de Fermín Solís.



A horta de Simón Rocio Alejandro. Kalandraka.
Simón plantou moitas cenorias pero alguén lle suxeriu poñer tamén leitugas, tomates, berenxenas... E a horta tanto medrou, que se encheu de hortalizas e duns laboriosos agricultores.



A historia do touro Ferdinando. Leaf, Lawson. Kalandraka.
Un clásico de 1936 referente do pacifismo a nivel mundial e a prol do naturalismo; censurado por uns, encomiado por outros e premiado.



Camiños. Magín Blanco. Folmúscica.
Libro-disco de Magín Blanco con ilustracións de Leandro Lamass con cancións, contos, poemas e textos de destacados escritores galegos.



De 7 a 9 anos

Bruxa e familia. Paula Carballeira. Oqueleo.

As «pequenas grandes» cousas, nas que nin reparamos ás veces, agroman nestas historias para intentar comprender o mundo que nos rodea con toda a súa complexidade e beleza.



Eu conto, ti cantas. María Victoria Moreno. Xerais.
Este libro de María Victoria Moreno reúne tres contos de animais escritos en verso e ilustrados por Manolo Uhía



Pippi Mediaslongas. A. Lindgren. Kalandraka.
Un clásico universal e imprescindible, por fin en galego para gozar das aventuras e extravagancias dunha nena rebelde, simpática e extrovertida, convertida nunha icona contemporánea. Porque con Pippi, a lectura é... unha grande aventura!



A festa no faiado. M^a Victoria Moreno. Galaxia
Podería pasar o día enteiro cos ollos pechados, se non fose por Gato. Grazas a Gato, a vida de Uxía é máis divertida. Grazas a Uxía, Gato empeza a entender mellor o mundo..

